



2.2.- DIVERSIDADE CLIMÁTICA DE GALICIA E ESPAÑA

“O fenómeno meteorolóxico da DANA ou gota fría é propio do outono na zona mediterránea da península ibérica, e conleva graves consecuencias. As intensas choivas, treboadas e fortes ventos xeneran inundacións, danos nas infraestruturas, cortes de comunicación e alteracións en servizos públicos, afectando negativamente á economía. Especialmente na Comunidade Valenciana, as precipitacións son extremadamente violentas cada ano.”


Fonte: eldiario.es



© AEMET. Autorizado el uso de la información y su reproducción citando a AEMET como autora de la misma



Fonte: AEMet




Fonte: ESA

Coa información que se achega, tócache meterte na pel dun/ha “home/muller do tempo” de TVE e explicarnos a situación sinóptica que temos, xunto coas súas consecuencias meteorolóxicas previstas en Galicia e no Levante español, ademáis de identificar a situación meteorolóxica prevista e informar sobre as súas consecuencias a nivel territorial.

RÚBRICA DE RESPOTA

MOI DEFICIENTE (0 - 0.74)	CONTIDO: Non hai aportación de información sobre a situación sinóptica, a identificación do mapa en altura e as consecuencias desta DANA/DINA/gota fría. O único que hai é unha paráfrase do artigo e unha descrición somera das imaxes. REDACCIÓN: Moi pobre, non usa o léxico propio da área ou non hai precisión no uso de conceptos.
DEFICIENTE (0.75 - 1.24)	CONTIDO: Hai unha información moi superficial, reiterativa sobre as figuras, describindo algúns centros de acción ou frontes do mapa en superficie, sen alusión ao mapa en altura e as consecuencias desta DANA/DINA/gota fría. REDACCIÓN: Pobre, contén imprecisións no uso dos conceptos, frases incoherentes. Non emprega unha linguaxe académica.
APROBADO (1.25 - 1.74)	CONTIDO: Hai unha información descriptiva sobre as figuras, identificando algúns centros de acción ou frontes do mapa en superficie, unha somera alusión ao mapa en altura e a definición de DANA/DINA/gota fría. REDACCIÓN: Correcta en liñas xerais. Non hai referencias ao texto para enriquecer a explicación.
NOTABLE (1.75-2.24)	CONTIDO: Hai unha información analítica sobre as figuras, identificando algúns centros de acción ou frontes do mapa en superficie, unha alusión explicativa ao mapa en altura e a definición de DANA/DINA/gota fría, xunto coa identificación das consecuencias da riada, sen profundizar nas mesmas. REDACCIÓN: Correcta. Hai referencias ao texto para enriquecer a explicación.
SOBRESALIENTE (2.25-2.5)	CONTIDO: Hai unha información analítica e crítica sobre as figuras, identificando centros de acción e frontes do mapa en superficie, unha explicación coherente do mapa en altura e unha definición correcta de DANA/DINA/gota fría, xunto coa identificación das consecuencias da riada, profundizando nos motivos que as provocaron. REDACCIÓN: Correcta. Hai referencias ao texto para enriquecer a explicación e as relacións están ben traídas co uso de conectores que enriquecen o discurso e converten a súa lectura nalgo fluído e coherente

PREGUNTA COMPETENCIAL > CUESTIÓN 1
2.- A SUSTENTABILIDADE DO MEDIO FÍSICO EN ESPAÑA



Geopotencial a 500 hPa y presión en superficie para el 30 de octubre de 2024 a las 00:00.